Por todo o exposto, ambas as dúas partes deciden subscribir este instrumento de formalización de encomenda de xestión, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

Primeira.-Obxecto da encomenda de xestión. A División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde e o Hospital Comarcal de Valdeorras acordan, no marco do disposto no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que o citado hospital comarcal leve a cabo, por razóns de eficacia, a xestión material do expediente para a contratación, polo Servizo Galego de Saúde, da subministración sucesiva de papel Din A4 con destino a centros sanitarios dependentes do Servizo Galego de Saúde, mediante concurso aberto.

Segunda.-Natureza e alcance da xestión encomendada. A xestión material que se encomenda, con respecto ao citado no punto anterior, concretarase nas seguintes actividades, co alcance que en cada caso se sinale:

a) Tramitación do expediente de contratación (artigo 11.2º f) do Real decreto lexislativo 2/2000, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas).

b) Recepción das ofertas dos licitadores.

c) Preparación e realización das mesas de contratación.

Terceira.-Financiamento: esta encomenda de xestión non dará lugar a contraprestacións financeiras entre as partes, as cales asumirán os custos das actuacións que deben realizar segundo o establecido na devandita encomenda.

Cuarta.-Prazo de vixencia: o prazo de vixencia deste acordo establécese desde a súa sinatura ata o peche definitivo do expediente.

Quinta.-A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade das competencias nin dos elementos substantivos do seu exercicio, atribuídas á División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde.

Sexta.-É responsabilidade da División de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos cales se integre a concreta actividade material obxecto desta encomenda de xestión.

Santiago de Compostela, 2 de novembro de 2007. Ana Fernández Pulpeiro, directora xeral da División de Recursos Económicos. Roberto Rodríguez Alonso, director xerente do Hospital Comarcal de Valdeorras.

*Resolución conxunta do 28 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde e da Dirección Xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional, pola que se ordena a publicación do acordo subscrito pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO. e UGT, sobre retribución da atención continuada do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde.*

No marco da comisión de seguimento do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde tras o proceso negociador, a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO. e UGT asinaron en data 24 de xullo de 2007 un acordo sobre a retribución da atención continuada.

O dito acordo tivo lugar con base no disposto no artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, e nos artigos 79 e 80 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco de persoal estatutario dos servizos de saúde.

O contido do acordo, que foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de novembro de 2007, publícase como anexo a esta resolución para o seu xeral coñecemento.

Na súa virtude,

*RESOLVEN:*

Dispoñer a publicación do Acordo sobre retribución de atención continuada do persoal residente en formación no Servizo Galego de Saúde.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007.

Cayetano Rodríguez Escudero
Secretario xeral do Servicio
Galego de Saúde

Antonio José Fernández Paniagua
Director xeral da División
de Recursos Humanos e
Desenvolvemento Profesinal

Acordo da comisión de seguimento do acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do servizo galego de saúde sobre a retribución da atención continuada.

O Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde foi asinado o 23 de febreiro de 2007 pola Administración sanitaria e as organizacións sindicais CIG, CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF e UGT e foi aprobado por Resolución conxunta da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e a División de Asistencia Sanitaria, do 17 de abril de 2007 (DOG nº 78, do 23 de abril).

O 19 de decembro de 2006 a Administración sanitaria e as organizacións sindicais CEMSATSE, CC.OO., CSI-CSIF, UGT e CIG asinaron unha acta de fin de negociación do Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente

en formación, aprobada por Resolución do 4 de maio de 2007 da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e publicada no DOG nº 92, do 14 de maio de 2007.

O punto terceiro da citada acta recolle a competencia da comisión de seguimento para iniciar o procedemento de adecuación e revisión da retribución da atención continuada do persoal residente en formación, no suposto de que con data 30 de setembro de 2007 as contías acordadas para a retribución continuada resulten inferiores á media nese intre vixente no Sistema Nacional de Saúde.

As contías dos servizos de saúde modificáronse fundamentalmente no primeiro semestre do ano. Así, no remate do ano 2006 asináronse acordos en que se modificaban as contías que se van percibir en concepto de atención continuada polo persoal residente en formación de Cataluña, Madrid e Valencia. No primeiro semestre deste ano 2007, en La Rioja, Cantabria, Castilla La Mancha, Asturias, Andalucía, Aragón, Extremadura, Murcia, Navarra, Castilla y León, Canarias e País Vasco asinaron os seus propios acordos para este persoal residente en formación, aplicando novas retribucións da atención continuada en varios servizos, e desde o 1 de xullo de 2007.

A sinatura destes acordos produciu un incremento da media da retribución por este concepto no Sistema Nacional de Saúde que serviu de referencia en 2006 para fixar as contías no Servizo Galego de Saúde.

Con base nas retribucións de atención continuada anteriores, calculáronse as contías de retribución 2007 que se recollen neste acordo, incorporando o valor da media do sábado, domingo e festivo ao longo do ano, sen que se cree un concepto retributivo propio para este días.

Ademais da subida derivada do cálculo anterior, mantense o incremento previsto no acordo nunha porcentaxe anual do 7% para 2008 e 7% para 2009. Por mor deste acordo diferéncianse por primeira vez as retribucións dos MIR III e IV-V, incrementando estes últimos con respecto aos anteriores.

Con ditos antecedentes a Administración sanitaria e as organizacións sindicais asinantes do acordo citado e con representación na mesa sectorial, CIG, CEMSATSE, CSI-CSIF, CC.OO e UXT con data 24 de xullo de 2007,

*ACORDAN:*

Primeiro.-*Obxecto e ámbito de aplicación.*

Revisar e adecuar as contías de atención continuada previstas para o persoal residente en formación no Acordo de mellora das condicións de traballo e retributivas do persoal residente en formación do Servizo Galego de Saúde, aprobado por Resolución conxunta da Secretaría Xeral do Servizo Galego de Saúde, a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional e a División de Asistencia Sanitaria, do 17 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril de 2007), recollidas no artigo sexto, punto 2, sobre retribucións de atención continuada.

Segundo.-*Retribución de atención continuada.*

Será retribuída nas contías que se expresan a continuación:

| RESIDENTES LICENCIADOS | | |
|---|---|---|
| | | NOVO IMPORTE (€) |
| R I | HORA GARDA | 10,86 |
| | MÓDULO 17 H | 184,62 |
| | MÓDULO 24 H | 260,64 |
| R II | HORA GARDA | 12,42 |
| | MÓDULO 17 H | 211,14 |
| | MÓDULO 24 H | 298,08 |
| R III | HORA GARDA | 13,98 |
| | MÓDULO 17 H | 237,66 |
| | MÓDULO 24 H | 335,52 |
| R IV-V | HORA GARDA | 15,47 |
| | MÓDULO 17 H | 262,99 |
| | MÓDULO 24 H | 371,28 |
| RESIDENTES DIPLOMADOS | | |
| M-B-01 | HORA GARDA | 8,86 |
| | MÓDULO 17 H | 150,58 |
| | MÓDULO 24 H | 212,59 |
| M-B-02 | HORA GARDA | 9,77 |
| | MÓDULO 17 H | 166,17 |
| | MÓDULO 24 H | 234,60 |

Terceiro.-*Incrementos 2008-2009.*

Estas contías incrementaranse sucesivamente nos anos 2008 e 2009 nun 7%. Este incremento será adicional e independente do establecido con carácter xeral nas sucesivas leis de orzamentos.

Cuarto.-*Efectos.*

As contías previstas para 2007 terán efectos para as quendas de atención continuada realizadas a partir do 1 de xullo de 2007, incluído.

# IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

## CONSELLERÍA DE SANIDADE

*Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se resolve definitivamente a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nos servizos centrais desta consellería.*

Convocada, pola Orde do 26 de xuño de 2007 (DOG nº 138, do 17 de xullo), a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nos servizos centrais da Consellería de Sanidade, esta consellería, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decre-